

Xabier P. Docampo

XABIER P. DOCAMPO (Rábade, 1946). Mestre en exercicio. Traballou como actor de teatro, adaptou e dirixiu obras dramáticas, colaborou en Radio Nacional de España na Coruña, onde dirixiu e escribiu programas divulgativos e pedagóxicos, e realizou guións para o cinema e a televisión. Involucrado activamente nos movementos de renovación pedagóxica, é coautor de libros de texto e formou parte do equipo iniciador de *Preescolar na casa*; participou activamente na creación de GÁLIX, asociación que presidiu durante dous anos. As súas dotes como narrador oral levárono a participar como contador de contos e como conferenciante en eventos celebrados en todo o mundo. Irrompeu na LIX con *O misterio das badaladas* (1986), á que seguiron, entre outras, *Cun ollo aberto e outro sen cerrar* (1986); *A chave das noces* (1987); *O armario novo de Rubén* (1989); *A nena de auga e o príncipe de lume* (1989); *Roxelio e a couza* (1991); *O país durminte* (1992); *Cando petan na porta pola noite* (1994, Premio Rañolas, Premio Nacional de LIX, Lista de Honra do IBBY 1996); *Adelaida, Henrique e demais familia* (1996); *O pazo baleiro* (1997); *O home que inventou unha maneira de andar* (1998); *Breogán* (1998); *¡Estampado!* (1998); *Nube de neve* (2000); *Catro cartas* (2000); *Os ollos de Ramón* (2001); *¿Víchela, víchela?* (2001); *A casa da luz* (2002); ou *Bolboretas* (2004). En 1989 recibiu o Premio da Feira do Libro da Coruña polo conxunto da súa obra, así como o Premio Emilia Pardo Bazán do Ministerio de Educación.

319

Autopoética

Hoxe teño que escribir un conto.

Un conto cumprido ou dunha soa palabra, a palabra que me explique.

A vida éme tan difícil de comprender que non teño outro camiño para poderme achegar a ela que non sexa escribindo.

Fago o que fago para que dentro de min se vaia ordenando minimamente o caos no que se me presenta a vida. Só así teño folgos para vivila: escribíndoa.

Só un conto que vive resoando na miña memoria me axuda a atopar o camiño cara adiante.

Nada hai que eu non teña antes que procuralo nun conto para apre-
hendelo.

Gusto dos contos porque me din o que me pasa... Que pouco me importa o que pasa neles!

Non existe verdade máis grande que a que se encerra dentro dun conto... De onde veu iso de que as verdades se dividen en grandes e pequenas?

Iso son contos.

Non, non. Éche ben certo o que di o conto.

Bon día teña vostede.

320

Nun conto encérrase un día enteiro e unha vida enteira.

Cada conto conténme enteiro.

Hoxe escribín un conto que me explica un pouco máis. Para quen?
Para min, só para min!

É que xa non quero ser sociábel.

Tamén houbo quen me enganou con contos.

Eran mentira?

Non, mentían os que mos contaron.

O chapeu

Sempre me gustou aquel chapeu. Apurádesme un pouco e digo que lle tiña cariño, aínda que o cariño non é o sentimento que lle cómpre ás cousas. Era un chapeu vello, supoño que algún día sería novo, mesmo de estreno, pero eu xa o coñecín vello e gastado, para min sempre fora así.

Poñíao con frecuencia aínda que na casa rían de min. Gustaba de sentilo na cabeza mesmo cando estaba na casa, aínda que o meirande pracer era telo posto cando sentaba embaixo da parra para ler, cando deixaba caer a cadeira cara atrás até que o respaldo daba na parede da casa. Entón pousaba os pés nun picadeiro de carballo que había alí, baixaba o sombreiro até as sobrancellas para que a aba me amparase os ollos das raiolas que se coaban ás veces polo medio das follas da parra e lía unha tarde enteira.

Non era raro que algunha das miñas irmás me tirase o chapeu da cabeza ao pasar, entón eu tiña que ir tras dela até recuperar a prenda. Daquela non era raro que un turrase por un lado e o outro polo outro e o chapeu estalaba baixiño ao lle rebentar as costuras. Así foi como comezou a se lle desprender a vira de coiro que o mantiña nas dimensións de se axustar debidamente á cabeza. Pouco a pouco comezou a se desprender e resultaba molesta, así que un día decidín amañarlle. Dispúxenme a cosela co coidado de que non ficase unha chambonada que rematase por derramar o meu chapeu. Coa agulla enfiada na man deille volta á vira para ver como estaba cosida e tentar de imitar o traballo, e foi daquela cando vin as letras. Había algo escrito no seu interior que, de primeiras, nun fun quen de ler. Non se trataba da marca nin do nome do fabricante, que iso viña nun rombo cosido no fondo do forro, era algo escrito á man, cun daqueles lapis que se lles chamaba de tinta e que cando os mollabas un pouco na punta da lingua, escribían cun trazo grosso de cor violeta. Pouco a pouco fun descifrando aquela inscrición. O que lin produciume a lóxica sorpresa, porque alí dicía: “ESTA VIRA COSEUNA AMARO LEIRO DE MATACOBO EN LA HABANA 1922”.

A verdade é que eu nunca me preocupara de saber de onde viñera o chapeu nin de quen fora. Atopeino un día na casa, púxeno na cabeza e,

como me quedaba ben (de tamaño, porque miñas irmás dicían que me sentaba moi mal) chanteino na cabeza e comecei a andar con el seguido. Xa non me atrevín a me poñer a coser nel. Volvín a lle colocar a vira no seu sitio e entrei na casa con el na man. Fun á cociña e pregunteille a miña nai de quen fora aquel sombreiro.

—E logo ti non sabes que foi de teu avó Leandro?

O meu avó morrera cando eu era moi pequeno, case non o lembraba. Miña nai díxome que aquel sombreiro trouxérao cando viñera de Cuba. Tíñao gardado naquel baúl que deixara no faiado e non permitía que ninguén lle tocase, como a ningunha cousa das que alí gardaba baixo chave. Ninguén llo vira posto na cabeza, nin sequera na man.

Pero agora o chapeu acababa de me falar a min por medio daquelas palabras escritas no interior da vira. O Leiro aínda vivía en Maticobo. A nosa familia e a del estaban a mal desde moito antes de eu nacer. Miña nai díxome que o Leiro e meu avó xa viñan a mal cando volveron de Cuba.

322

De todos os xeitos un día ao caer a noiteña fun á casa do Leiro. Non podo dicir que fose ben recibido, porque aínda non pechara a cancela detrás de min, cando se me presentou o Celso a medio camiño entre onde eu estaba e a porta da casa.

—Que fas ti aquí? —berroume.

O Celso é o home dunha neta do Amaro. É ben máis vello ca min. Estaba parado no medio da aira, cos brazos caídos aos lados e ollábame sen pestanexar. Eu ficara parado ao pé da cancela.

—Quería falar co Amaro.

—Vós non tedes nada de que falar con nós nin nós con vós. Así que vaite axiña.

Estaba claro que non había ser doado poder preguntarlle ao vello Leiro por que meu avó tiña un sombreiro que levaba o seu nome escrito no interior da vira.

Comecei a andar moi a modiño cara a el mentres lle dicía:

–Non creo eu que non poidamos falar ti e mais eu.

Eu supoñía que na casa dos de Leiro había ser coma na miña, que estamos a mal desde había moitísimos anos e ninguén sabía por que. Un día meu avó dixerá que ninguén cruzase nin unha palabra cos de Leiro nunca máis, e xa non houbo quen ousase facer outra cousa. Cando pasaron os anos, e os netos comezamos a preguntar polas razóns daquela malquerenza, ninguén nos soubo dar máis resposta que aquilo era cousa dos vellos e que eles saberían.

O Celso non se moveu nin para adiante nin para atrás. Andei unhas pasadas e apareceu o Amaro na porta. Eu non o vira nunca. Era moi vello. Estaba moi dobrado cara adiante e viña apoiado en dous caxatos. Por debaixo do brazo dereito termaba del a Anuncia, a muller do Celso. Ficamos todos calados e a neta axudoulle ao vello a sentar no banco de pedra que había diante da casa. Algo faláron e a muller berrou:

–Que é o que quere?

323

–Di que falar con teu avó, pero xa lle dixeran que se fose.

A muller volveu falar co vello. Supoño que lle describiu a situación. O Amaro pareceu dicir algo e a Anuncia falou en alto:

–Que di que se achegue.

Atravesei a aira en dirección á casa. Cando estiven a escasos dous metros do vello, saudeino e dixeran que quería falar con el.

O Leiro non ergueu a cabeza para ollar para min, só me fixo un aceno coa man para que calase e outro para que sentase no banco ao pé del.

Cando estiven a carón del achegou a man sen me ollar e pousouma enriba da miña coxa esquerda. Decateime de que non vía.

–Así que un señorito da merda da casa do Calzafouces vén onda min.

O Calzafouces era como alcumaban ao meu avó. Ninguén se atrevía a llo dicir á cara, nin a el nin a ninguén da casa, pero por tras non corría por outro nome. Todos o sabíamos.

–Pois xa que estás aquí, e antes de falarmos cousa ningunha, téñoche que dicir que teu avó era unha mala persoa. Non cha vexo, pero ben sei a cara que estarás a poñer. Vós pensades que o Calzafouces era tal e como o coñecestes desde que viñemos de Cuba, pero eu coñecín outro Leandro e mellor me fora non telo coñecido nunca. Agora xa podes dicir a que viñeches.

É ben certo que eu estaba algo sorprendido de lle sentir dicir aquilo, pero tampouco agardaba escoitar cousa moi diferente daquel que se levará a matar co meu avó Leandro máis de sesenta anos. Por iso non lle repliquei. Por iso e porque a min interesábame máis a historia do chapeu que defender a meu avó diante do home co que estaba a mal había tanto tempo.

324

–Ao mellor veño para saber que é o que pasou. E se é posíbel dar reparación para que os que veñan atrás poidan vivir doutro xeito.

O vello ollando o chan que non vía diante dos seus pés, ficou calado por un anaco e despois falou baixiño.

–Xa non se pode reparar nada. Aquilo xa non ten reparación porque nunca a tivo.

–Pois se ninguén dá sabido que é o que pasou, aínda a terá menos –dixen eu–. Ademais a min gustaríame saber que é o que Leandro fixo, sexa o que for, bo ou malo.

–Escoita, rapaz –falou o home, e agora, como se lle nacera unha forza nova naquel mesmo intre, o seu ton de voz era máis alto, perfectamente audíbel–, o que nos afastou a teu avó e mais a min xa non ten volta atrás. Nin que resucitase e aparecese por aí, camiñando polo medio da aira, se podería amañar o que se descompuxo daquela, porque só se o tempo dera marcha atrás e o que pasou non pasase... e iso non pode ser. Será mellor que o deixemos.

–Que o deixemos e que despois dos fillos os netos, detrás os bisnetos e tataranetos e cantos veñan máis aló, sigan a mal? Non será xa tempo de acabar con todo isto pasase o que pasase?

–Pero a ti por que che deu agora esta teima?

–Veume á cabeza porque atopei un chapeu no baúl que trouxo Leandro de Cuba. Por iso me deu por saber que facía un chapeu co seu nome na miña casa, sendo que nin nos acordos de meu pai houbo tratos entre as dúas casas.

–Vaia home, apareceu o maldito sombreiro! Pois xa ves, por aí comezou todo.

E foi daquela cando comezou a me contar que aquel chapeu mercáralo meu avó na Habana nada máis desembarcar. Dixo que sempre andaba con el posto, que só o tiraba da cabeza para durmir e pouco máis. Decía que lle traía sorte e que mentres tivese aquela prenda na cabeza todo lle había ir ben e que volvería rico.

325

Un día, no que os dous, o Leandro e o Amaro andaban de xoldra, despois de beberen máis ron do que o seu sentido lles permitía, o Amaro pilloulle o chapeu a meu avó e escapou a correr con el. A broma non lle gustou a Leandro que lle deu unha labazada ao amigo. Na lea pola recuperación do chapeu e cando turraban del cada un por un lado, a vira descoseuse.

Leandro ollou o sombreiro coa vira descosida, deitouno ao chan con desprezo, deu volta e foise. Amaro apañou o chapeu e foi daquela cando lle coseu a vira para volverllo ao seu dono.

–Pero non mo quixo –contábame o de Leiro—. Colleuno e arrebolouno o máis lonxe que puido, pero como era livián e non o deu afastado dabondo, colleu unha pedra, meteulla dentro e mandouno no medio duns matos.

–E non me irá dicir que estiveron a mal toda a vida por iso, por un sombreiro?

–Non. Non foi por iso. Comezou polo conto do chapeu pero a verdadeira causa foi que teu avó era unha mala persoa, esa foi e non outra, porque era un bicho e foino sempre.

O vello Amaro Leiro falaba con carraxe. Toda a xenreira que gardara por tantos anos estaba agora na súa gorxa.

–E en diante ti has ser o culpábel de toda a mala sorte que me veña por ter quedado sen chapeu e por me derramar o destino, díxome o teu avó virándome as costas e collendo por outro camiño –seguiu a falar o Amaro.

«E, iso é certo, quixo o infortunio, que aquela noite lle deran unha coitelada non sei onde nin quen. Eu sóubeno pola mañá cando me viñeron deter os gardas acusándome de ser eu o que o anavallara. Foi el, o teu avó, o que dixo que o cravara eu no medio da discusión do chapeu. Que ben o armou o cabrón, contou todo ao dereitiño tal como pasara e mesmo dixo que eu lle cosera a vira. Os gardas foron na procura do chapeu e alí estaba a miña confesión escrita no coiro do sombreiro.

326

«Ano e medio botei na cadea. Cando saín marchei o máis lonxe que puideron da Habana, a Santiago.

«Un día que volvín á capital pensando en que xa me era hora de volver para acó, atopei ao Leandro na consignataria. El tamén estaba amañando para regresar. Encarouse comigo e díxome: “Seica xa te ceibarón. Pois eu volvo para lle contar aos teus pais que o seu fillo estivo na cadea por lle dar unha coitelada a un amigo”.

«Fiquei sen saber que facer. Volvín a Santiago, xa non podería regresar porque o Leandro habería de llo contar a todos e eu non podería atuar ver como os meus pais pasaban por aquela vergoña. E así foi. Non escribín máis, foi coma se desaparecera. Souben que miña nai morrera pronto e sempre pensei que fora co desgusto. Cinco anos despois, porque podes estar ben seguro rapaz que teño ben contados os días, souben por Delio da Crecha da morte de meu pai e decidín volver».

–Pero Leandro nunca lles dixo nada aos seus pais nin a ninguén –falei case de súpeto, nun inútil intento de esconxurar aquela faciana nova do meu avó que se me aparecía agora.

Daquela o Amaro virouse cara a min coma se me vise, pero a quen ollaba, e agora estou seguro que vía, era ao meu avó Leandro.

-Non, nunca dixo nada, pero iso que máis ten.

A Coruña, maio 2005